

Por orde do Sr. Reitor, e segundo o acordo da Mesa do Claustro, teño a honra de convocalo á sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade da Coruña

Día: 26 de marzo de 2009

Hora: 9:30 h en primeira convocatoria e 10:00 h en segunda convocatoria

Lugar: Paraninfo da Universidade. A Maestranza nº 9

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se proceder, Memoria de xestión 2008. Informe do Reitor para o Claustro.
3. Eleccións de representantes do estudantado na Mesa do Claustro (3 representantes), no Consello de Goberno (8 representantes) e na Comisión Electoral Central (1 representante).
4. Quenda aberta de intervencións.

A copia da acta do Claustro, que será sometida a aprobación, estará depositada na Secretaría dos centros a disposición dos seus membros.

En relación co punto 2 da orde do día, a Memoria de xestión 2008. Informe do Reitor para o Claustro atoparase no seguinte enderezo a partir das 14:00 h do día 18 de marzo.

<http://www.udc.es/reitoria/ga/reitor/documentos.asp>

O procedemento para a elección de representantes do estudantado na Mesa do Claustro, no Consello de Goberno e na Comisión Electoral Central será o seguinte:

1. Presentación de candidaturas na Secretaría Xeral até as 14:00 horas do día 25 de marzo.
2. Proclamación provisoria de candidaturas o día 25 de marzo (no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/novidadesconvocatorias>).
3. Reclamacións contra a proclamación provisoria de candidaturas na Secretaría Xeral até as 9:30 h do día 26 de marzo.
4. Proclamación definitiva de candidaturas ás 10:00 h do día 26 de marzo (no espazo habilitado no Paraninfo para tales efectos).
5. Votación de 12:00 a 14:00 h na propia sesión do Claustro.
6. Proclamación provisoria de candidaturas electas ás 14:30 h do día 26 de marzo (no espazo habilitado no Paraninfo para tales efectos).
7. Reclamacións á proclamación provisoria na Secretaría Xeral até as 14:00 h do día 27 de marzo.
8. Proclamación definitiva ás 14:30 do día 27 de marzo (no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/novidadesconvocatorias>).

Lémbrese aos membros do Claustro que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 17 de marzo de 2009

O secretario xeral
Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES./SRAS. MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO